

PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP PLURILINGÜE SANTA EULALIA DE DUMBRÍA

ÍNDICE

1.XUSTIFICACIÓN.	4
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN. DIAGNÓSTICO DO ESTADO DA CONVIVENCIA NO CENTRO.	5
2.1. Características do Centro.	5
2.2. Descrición da zona atendida.	9
2.3. Diagnóstico da convivencia no Centro.	9
3. LEXISLACIÓN.	11
3.1. Lexislación estatal:	11
3.2. Lexislación autonómica:	12
4. OBXECTIVOS.	12
5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA.	12
5.1. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.	13
5.2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa.	14
5.3. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia.	15
6. PROTOCOLOS.	15
7. NORMAS ESPECÍFICAS DO FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA. ESCOLA DE NAIS E PAIS.	16
7.1. Comisión de convivencia.	16
7.2. Aula de convivencia inclusiva.	18
7.3. Escola de nais e pais.	19
8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.	20
8.1. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro:	20
8.2. Mecanismo de coordinación e colaboración coas familias:	20
8.3. Mecanismo de coordinación e colaboración con outros centros educativos:	20
9. ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.	20



10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.	20
11. PLAN DE TRABALLO COORDINADOR/A DE BENESTAR E CONVIVENCIA.	21
12. ANEXOS	29



1.XUSTIFICACIÓN.

Segundo Martin Luther King, *“aprendemos a voar como os paxaros, a nadar como os peixes, pero non aprendemos a sinxela arte de vivir como irmáns”*.

A convivencia non é unicamente compartir un espazo físico, senón tamén **respectar as diferenzas e loitar pola igualdade**.

A convivencia non é a simple ausencia de violencia; a convivencia refírese a “vivir en compañía doutros”, ao resultado de fomentar valores democráticos, a solidariedade, a tolerancia, a comunicación, o diálogo, a cooperación, o respecto mutuo, o compromiso, a interculturalidade e os dereitos humanos.

A convivencia ensínase e apréndese convivindo:

- Os centros escolares conforman unha comunidade que persigue a formación integral do ser humano, favorecendo unhas aprendizaxes de carácter social que faciliten ao alumnado adaptarse con eficacia no seu futuro máis próximo.
- Os centros educativos son un reflexo do que acontece na nosa sociedade polo que **cremos** que unha escola onde conviven persoas diferentes, xa sexa pola súa raza, costume, cultura... debe ser unha escola que oferte diferentes posibilidades, atendendo ás particularidades individuais, pero creando xuntos un futuro común formando aos futuros adultos dunha sociedade que está destinada a ser **pluricultural**.

O plan de convivencia que propoñemos é un proxecto de reflexión e pensamento no que se marcan as liñas de actuación para a mellora de convivencia no Centro. Temos en conta, que na sociedade actual, a conflitividade escolar é unha das maiores preocupacións existentes. Atopamos múltiples solucións de diversa tipoloxía, pero consideramos a prevención como unha das mellores formas de resolver esta preocupación, e sabemos que o principio do camiño



da convivencia ten que estar na familia, ten que continuar no centro docente e ten que ter como marco a comunidade educativa.

Creemos que a base da educación está na formación para a vida, por elo co noso traballo tratamos de concienciar a toda a comunidade educativa da necesidade de presentar a interculturalidade, a convivencia e o respecto pola diferenzas como valores que reflexan o mundo que os nosos nenos e nenas se van a encontrar máis alá das aulas.

Unha convivencia axeitada só se conseguirá coa participación e implicación de todos os estamentos da comunidade educativa.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN. DIAGNÓSTICO DO ESTADO DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

2.1. Características do Centro.

O CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría está situado na capital do Concello, concretamente na parroquia de Santa Eulalia, un área eminentemente rural. O ensino que se imparte no centro abarca dende o 2º ciclo de Educación Infantil e toda Educación Primaria. Conta cunha unidade de Educación Infantil e tres de Educación Primaria, onde reciben educación un total de 60 alumnos/as.

O Centro está adscrito ao I.E.S “Agra de Raíces” de Cee.

2.1.1. Infraestrutura do centro.

O edificio do CEIP “Santa Eulalia de Dumbría ” foi construído en 1981. Está composto de:

- Edificio principal.
- Un edificio de escolas unitarias –non reúne boas condicións para a docencia-.
- Patio de recreo.



Edificio principal planta baixa:

Sitúanse nela o vestíbulo, as unidades de 2º Ciclo de Educación Infantil (unha delas actualmente habilitada), así como unha aula de informática (sala de mestres/as), o comedor escolar, aseos de alumnos, aseos de mestres, despacho de orientación, secretaría, dirección e conserxería.

Edificio principal primeiro andar:

Sitúase neste andar as aulas de todos os cursos de Educación Primaria (dende primeiro ata sexto), aula de Pedagogía Terapéutica/Audición e Linguaxe, biblioteca, aula de música, aula de inglés, aula de Relixión Católica e aseos de nenos e de nenas.

Xunto ao edificio principal, atopamos un pavillón que se emprega como ximnasio e como almacén do material deportivo e aseos propios.

O colexio conta cun patio dunha superficie aproximada de 700 m.² con varias zonas de xogo: pista multideportiva, área recreativa infantil...

Servizos complementarios:

O centro dispón de transporte escolar contratado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que realiza 2 servizos diarios e que actualmente ten cinco liñas de transporte que empregan de xeito habitual practicamente a totalidade do alumnado.

O centro tamén conta con comedor escolar, onde come case todo o alumnado. Este comedor está subvencionado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

2.1.2. Aulas:

- Educación Infantil:



- Unha aula coa totalidade do alumnado de infantil. Nos últimos anos estase habilitando outra aula de Educación Infantil en función do número de alumnos/as, polo que están separados en función da súa idade.

• Educación Primaria:

- Unha aula con alumnado de 1º e 2º.

- Unha aula con alumnado de 3º e 4º.

- Unha aula con alumnado de 5º e 6º.

• TOTAL ALUMNOS/AS CURSO 2023/2024:

CURSOS	ALUMNOS/AS
Educación Infantil A (3 – 4 anos)	12
Educación Infantil B (4 – 5 anos)	8
1º Curso de Educación Primaria	9
2º Curso de Educación Primaria	2
3º Curso de Educación Primaria	6
4º Curso de Educación Primaria	11
5º Curso de Educación Primaria	5
6º Curso de Educación Primaria	7
TOTAL ALUMNOS/AS	60

2.1.3. Profesorado:

- 02 mestres de Educación Infantil.
- 02 mestres de Educación Primaria.
- 01 mestra de música.



- 01 mestre de educación física.
- 01 mestra de lingua inglesa.
- 01 mestra especialista en pedagogía terapéutica compartida e con centro base no CEIP San Cosme de Antes (Mazaricos).
- 01 mestra de audición e linguaxe, compartida e con centro base no CEIP Praia de Quenxe (Corcubión).
- 01 mestra de relixión compartida e con centro base no CEIP de Vilarmide (Muxía).
- 01 orientadora, adscrita ao CEIP Praia de Quenxe (Corcubión).

Persoal non docente:

- 1 cociñeira e 1 axudante de cociña, que dependen laboralmente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

2.1.4. Colexios compartidos.

O CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría ten departamento de orientación adscrito ao ser un centro que non conta co número suficiente de unidades para ter un posto de traballo catalogado con horario completo.

A orientadora exerce a xefatura do departamento de cada un dos dous centros realizando o seu traballo neles cun reparto do horario, recursos, etc., proporcional ao número de unidades e organizando o seu traballo para prestar a debida atención a cada un dos centros asignados. Ao igual que a orientadora a mestra de Audición e Linguaxe, a mestra de Pedagogía Terapéutica e de Relixión Católica tamén reparten as súas xornadas e traballo entre os centros anteriormente mencionados.



2.2. Descrición da zona atendida.

O CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría está situado na capital do Concello, concretamente na Parroquia de Santa Eulalia de Dumbría. O concello de Dumbría ten unha superficie de 125Km cadrados. O relevo é montañoso e con pequenos vales.

A terra destínase a cultivos e pastos, e o monte está repoboado con piñeiros e eucaliptos. Abundan as augas naturais.

A poboación atópase moi dispersa. Conta cun total de 2856 habitantes (datos do INE).

As actividades económicas están relacionadas coa agricultura, gandería, hidroelectricidade e o sector servizos.

O alumnado matriculado neste centro proceden de seis das sete parroquias que integran o Concello.

En relación á situación lingüística, emprégase de forma habitual a lingua galega.

Predominan as casas unifamiliares con pequenos terreos e zonas arboredo. As familias presentan en xeral, niveis de estudo medio-baixo.

No ámbito cultural, o Concello dispón dunha biblioteca municipal, no Ézaro; un centro social municipal para actos culturais. Existen axencias municipais de lectura en tódalas parroquias que atopamos no Concello de Dumbría. Conta con escolas municipais de deportes, onde se practican diferentes deportes coma: fútbol, voleibol, atletismo... O Concello tamén organiza diferentes actividades: danza, música, baile rexional e proporciona clases de apoio, informática, teatro, inglés...

2.3. Diagnóstico da convivencia no Centro.

2.3.1. Traballos relacionados coa convivencia no centro.



Partimos da enquisa realizada ao claustro no curso 2013-2014 na que se desprenden os seguintes puntos claves que esbozan as liñas xerais do estado da convivencia no centro. Cumprimentaron o cuestionario a totalidade do claustro (14 membros).

En xeral considérase que a convivencia é boa, e as relacións entre os compañeiros son normais.

O método empregado, por regra xeral, para solucionar os conflitos é o diálogo, sobre todo entre alumnado e mestres, aínda que debe facerse fincapé e que sexa realmente efectivo, tanto entre mestres/as e alumnado, entre alumnos/as e entre mestres/as. Malia que existen diferentes opinións en relación á resolución de conflitos e como abordalos (só, con compañeiros/as...), a maioría opina que as medidas correctivas, protocolos de actuacións ou novas propostas educativas a levar a cabo co alumnado, poden ter máis difusión. O principal beneficio de coñecer as medidas é acadar consenso global coa aplicación das mesmas, xa que a gran maioría opina que a aplicación rigorosa das medidas establecidas é axeitado ou moi axeitado.

En xeral considérase que traballar cos especialistas é beneficioso ou moi beneficioso con resultados óptimos. A cooperación é importante entre todos os membros do claustro para alcanzar os obxectivos e resultados.

A maioría do profesorado está de acordo coa opción de crear programas que traballen a convivencia, sen esquecer que isto leva consigo a implicación de todo o profesorado.

A necesidade de cooperar conxuntamente familia e escola é imprescindible para intentar acadar bos resultados, tarefa a impulsar sobre todo dende o Departamento



de Orientación, xa que unha das súas principais labores é establecer contactos coas familias e resolver os conflitos e colaborar cos/coas titores/as.

Considérase que a maioría do alumnado respecta as normas de convivencia e só en ocasións puntuais molestan na aula ou ocorren acontecementos illados dalgún tipo de enfrontamento entre alumnos e alumnas.

Como causas de condutas que perturben a convivencia procedentes do alumnado considéranse aspectos tales como a falta de disciplina escolar, características da personalidade do alumnado, problemas familiares, formación do profesorado e organización do centro como factores importantes, entendendo que a combinación de todos eles inflúen directamente para acadar unha convivencia axeitada.

3. LEXISLACIÓN.

3.1. Lexislación estatal:

- Constitución Española: Artigo 27.2
- Resolucions aprobadas pola Asemblea Xeral das Nación Unidas. Declaración e Programa de Acción sobre unha Cultura de Paz (6-10-1999).

- Lei 27/2005, do 30 de novembro, do fomento da educación e da cultura da paz (B.O.E. N° 287 do 01-12-2005).

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (B.O.E. N° 141 de 04-05-2006).

- Real Decreto 275/2007, de 23 febreiro polo que se crea o Observatorio Estatal da convivencia escolar (B.O.E. N° 64 de 15/03/2007).

- Real Decreto 3/2018, de 12 de xaneiro, polo que se modifica o Real Decreto 275/2007, de 23 de febreiro, polo que se crea o Observatorio Estatal da Convivencia Escolar.

3.2. Lexislación autonómica:

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

4. OBXECTIVOS.

1. Favorecer a creación dun ambiente escolar seguro para todos os integrantes da comunidade educativa do centro.
2. Valorar a importancia do respecto e cumprimento das normas de convivencia como medio de prevención de conflitos.
3. Fomentar o uso do diálogo como mecanismo principal da resolución de conflitos.
4. Acadar a máxima participación e coordinación coas familias e con todas aquelas institucións que interveñan na formación do alumnado.
5. Educar ao alumnado en diferentes valores para que no futuro se constrúa unha sociedade máis xusta, equitativa e pacífica.

5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA.

As normas básicas de convivencia do centro parten dos valores que a comunidade educativa, no marco da legalidade vixente, considera fundamentais para a educación e para a convivencia no Proxecto Educativo. Estas normas básicas de convivencia, recollidas nas Normas de Organización e Funcionamento convértense, deste xeito, nun instrumento para a consecución dos principios educativos do centro xa que:



- Permiten crear oportunidades para respectar a diversidade e as diferenzas.
- Contribúen a desenvolver a autonomía moral, a participación democrática e a educación cidadá.
- Constitúen o marco de participación na vida do centro.

5.1. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.

No inicio de curso estableceranse unhas liñas de actuación que deben figurar nas diferentes programacións realizadas polo profesorado e que deben de partir das seguintes pautas:

- Organización do centro, a nivel xeral, e da aula, a nivel particular. Tomarase como referencia o Proxecto Educativo e as Normas de Organización e Funcionamento de Centro.
- Coordinación das actuacións docentes: establecerase a través das diferentes reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Programación e desenvolvemento do currículo: realizarase nas diferentes programacións de aula a partir da concreción curricular.
- Estratexias metodolóxicas: seguiranse as establecidas no Proxecto Educativo de Centro e fixaranse nas diferentes programacións didácticas de aula.
- Avaliación do progreso do alumnado e práctica docente: seguirase o disposto na normativa vixente.
- Actividades complementarias e extraescolares: seguirase o establecido nas diferentes reunións do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.



5.2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa.

Tal como establece o noso Proxecto Educativo de Centro:

- Reunións xerais nas que cada titor/a convoca a toda as familias do seu grupo para tratar de temas de interese xeral: normas, horarios, obxectivos a conseguir en cada materia, saídas culturais, festividade a celebrar, ...
- Entrevistas individuais que deberán levarse a cabo nun ambiente relaxado e distendido. Servirán para establecer ou retomar as relacións familias-escola e para recompilar datos sobre:
 - A situación socioambiental do neno.
 - Datos persoais de saúde, relación con outros nenos, xogos preferidos, relación cos adultos, cos irmáns, ...

Ademais destas posibilidades de contacto entre titores e familias, fíxanse uns horarios semanais de titorías e atención aos pais/nais que quedan establecidas todos os luns de 13.50 a 14.50 horas (posibilidade de modificación en claustro cada curso).

- Relación coa ANPA.

As relacións coa ANPA “15 de maio” son excelentes; sempre están abertos a colaborar coas actividades do colexio.

No ámbito da organización, levan as súas inquiredanzas ao Consello Escolar tanto por problemas de carácter pedagóxico como de conservación do edificio, material escolar, ...

- Relación co centro de adscrición.



O centro non dispón de centros adscritos. O noso centro de adscrición “IES Agra de Raíces” atópase no Concello de Cee.

As relacións co noso centro de adscrición son totalmente cordiais, realizando unha visita a este centro co alumnado que se trasladará ao mesmo, coa finalidade de establecer unha xornada de acollida na que os/as alumnos/as coñecen as instalacións e manteñen os primeiros contactos cos seus/súas futuros/as compañeiros/as e docentes.

- Relación co Concello.

Colaboración na realización e organización de distintas actividades complementarias.

5.3. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia.

Estas actuacións estarán centradas en:

- Recordatorio a principio de curso das principais normas de organización e funcionamento do centro a través da páxina web.
- Reunións informativas titores-familias a realizar no primeiro mes de cada curso para explicar aspectos fundamentais do Plan de Convivencia e das Normas de Organización e Funcionamento do Centro.
- Tutorías: establecidas cada semana para realizar un seguimento detallado do alumnado.

6. PROTOCOLOS.

Os protocolos que se terán en conta neste Plan de Convivencia son aqueles normalizados da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dispoñibles no portal de educonvives.gal:

- Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar.



- Protocolo de Urgencias Sanitarias e enfermidade crónica.
- Protocolo de Atención educativa domiciliaria.
- Protocolo de identidade de xénero.
- Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil.

7. NORMAS ESPECÍFICAS DO FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA. ESCOLA DE NAIS E PAIS.

7.1. Comisión de convivencia.

Segundo o Artigo 6 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, a Comisión de Convivencia constituirase no seo do consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar.

A Comisión de Convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre homes e mulleres de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretario ou secretaria, quen levantará acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.



A Comisión de Convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

A Comisión de Convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción de convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de se o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.



- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/das profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

7.2. Aula de convivencia inclusiva.

A consellería con competencias en materia de educación regula o réxime de funcionamento das aulas de convivencia inclusiva previstas no artigo 19.3. da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible, na forma que se recolle no artigo 8.4. do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.

Funcionamento da aula de convivencia inclusiva (Ver Anexo).



7.3. Escola de nais e pais.

Poderá crearse a escola de nais e pais para propor iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo. As referidas propostas serán elevadas ao consello escolar e serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia.

As nais e pais ou titoras e titores asumirán, entre outros, os seguintes compromisos referidos á convivencia nos centros educativos:

- a) Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou das súas fillas a través do diálogo e da educación en valores, e desenvolver unhas adecuadas normas de convivencia no contorno familiar.
- b) Desenvolver a súa potencialidade como educadores e educadoras dos seus fillos ou das súas fillas.
- c) Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores e portadoras de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- d) Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que faciliten a aprendizaxe aos seus fillos ou ás súas fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.

Os documentos onde se fundamenta e complementa este plan de convivencia son os seguintes:

- PEC (Proxecto Educativo de Centro)
- PXA (Programación xeral anual)
- NOF (Normas de organización e funcionamento de centro)



8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

8.1. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro:

- Equipo de Dinamización da Convivencia.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Reunións de avaliacións e de equipos docentes.

8.2. Mecanismo de coordinación e colaboración coas familias:

- Comisión de Convivencia.
- Tutorías: atención a pais/nais os luns de 13:50 a 14:50 horas. Ao comezo do curso, os titores fan unha reunión con todos os pais e todas as nais do alumnado do seu grupo.

8.3. Mecanismo de coordinación e colaboración con outros centros educativos:

- O centro está adscrito ao IES Agra de Raíces.
- O Departamento de Orientación realiza a coordinación preceptiva co departamento de orientación do mencionado instituto.

9. ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Aprobación e difusión do Plan de Convivencia no Consello Escolar e posterior incorporación ao Proxecto Educativo de Centro. Toda a comunidade teña acceso ao documento. Posibilidade de difusión a través da páxina web do centro.

10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

A Comisión de Convivencia realizará o seguimento do mesmo, valorará os avances e dificultades do Plan.



Realizarase unha avaliación do plan atendendo aos seguintes criterios:

- Grao de implantación e consecución dos obxectivos.
- Actuacións e grao de participación da comunidade educativa.
- Coordinación e implicación do Plan no centro.
- Formación e asesoramento recibidos e recursos utilizados.
- Valoración dos resultados. Conclusións e propostas de mellora, que serán recollidas no informe anual de análise da convivencia.
- Avaliación do proceso e dos resultados.
- Documentación elaborada.
- Realizarase unha revisión Anual do Plan a comezos de cada curso escolar para engadir as posibles modificacións.
- Instrumentos de avaliación
- Cuestionarios, rexistros do cumprimento do establecido e a observación directa.

Instrumentos de avaliación:

- Cuestionarios, rexistros do cumprimento do establecido e a observación directa.

11. PLAN DE TRABAJO COORDINADOR/A DE BENESTAR E CONVIVENCIA.

INTRODUCCIÓN

O benestar emocional é esencial para desfrutar dunha vida equilibrada e satisfactoria. Refírese a un estado de ánimo no que nos sentimos ben connosco mesmos, en paz e en harmonía co mundo que nos rodea. É unha sensación de tranquilidade que emana cando somos conscientes das nosas propias capacidades para afrontar as tensións e desafíos da vida de forma saudábel.

Neste contexto, a resiliencia xoga un papel crucial. A resiliencia é a capacidade de enfrontar a adversidade, superar dificultades e adaptarse aos cambios, incluso despois de vivir experiencias difíciles. Na infancia, o desenvolvemento da resiliencia está influenciado por unha interacción complexa de factores persoais, sociais e ambientais.

Os factores persoais inclúen características individuais, como autoestima, e habilidades de enfrontamento. Os factores sociais refírense ao apoio familiar, ás relacións interpersoais e á rede de apoio social dispoñíbel para os nenos. Pola súa banda, os factores ambientais abranguen o contexto no que os nenos están inmersos, como a calidade do ambiente escolar, o acceso a recursos e as oportunidades de aprendizaxe.

Neste sentido, o ambiente escolar emerxe como un espazo privilexiado para promover o desenvolvemento da resiliencia infantil. A través dun acompañamento emocional integral, as escolas poden proporcionar apoio emocional, ensinar habilidades de enfrontamento e crear un ambiente seguro e acolledor que estimule o crecemento persoal e a capacidade de adaptación dos nenos. Ao intervir na promoción do benestar emocional e no desenvolvemento da resiliencia desde cedo, as escolas contribúen ao fortalecemento das bases emocionais necesarias para unha vida plena e saudábel.

ANÁLISE DO CONTEXTO

O CEIP Santa Eulalia de Dumbría está ubicado na capital do concello, o cal ten unha superficie de 125 quilómetros cadrados. O seu principal medio de comunicación é a estrada AC-552, de Fisterra a Coruña. Dista 82 quilómetros da capital da provincia. Outros medios de comunicación son a estrada AC-3404, que comunica con Pino de Val e a estrada AC-442, con dirección a Santiago de Compostela.



A poboación desprázase habitualmente a Cee, onde se atopan os principais servizos, coma o hospital, facenda, librarías, tendas, etc. A poboación é moi maior e está moi dispersa. Actualmente ten 2983 habitantes aproximadamente. Tradicionalmente é unha zona dunha forte emigración. A xuventude marcha por falta de traballo. A maioría de pais e nais teñen estudos primarios, en moitos casos incompletos; poucos teñen estudos secundarios e case ninguén estudos universitarios. A maior parte dos pais traballa por conta allea. As actividades económicas están relacionadas coa agricultura, gandaría, hidroelectricidade, ferrosilicio, enerxía eólica e servizos. Integran o concello 7 parroquias, pero ao centro soamente acuden os das parroquias de San Pedro de Buxantes, Santiago de Berdeogas, San Mamede de Salgueiros, Santa Eulalia de Dumbría e algúns de Santa Uxía do Ézaro.

O centro está adscrito ao IES "Agra de Raíces" de Cee. Análise do centro educativo.

O noso centro atópase en Dumbría preto da casa do concello.

Instalacións:

-Primeiro andar do edificio do colexio: con laboratorio, que se emprega coma aula de informática e de medios audiovisuais; aula de pretecnoloxía, transformada en aula de Educación Infantil B; aula de Educación Infantil A; sala de mestres; comedor; cociña; dirección; secretaría; conserxerías; servizos.

-Segundo andar do edificio do colexio: con tres aulas destinadas a Educación Primaria, unha para impartir Música; unha compartida de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe; unha de titorías; unha biblioteca; unha de Inglés; unha de Relixión; e unha empregada como almacén.

-Edificio das antigas escolas unitarias, ao carón do centro.

-Patio cuberto.



-Patio de recreo, con xogos infantís.

Os puntos críticos que se identifican como susceptibles de maior risco para a manifestación de condutas problemáticas son:

- As entradas e saídas do centro e das aulas.
- Patio de recreo.
- Os cambios de aula.

Neste centro educativo, xa se vén traballando o ámbito da intelixencia emocional, resolución pacífica de conflitos, igualdade de xénero e non discriminación, de forma transversal a través de actividades e obradoiros .

-Obradoiros sobre emocións (contacontos)

-Obradoiros e charlas sobre igualdade de xénero e non discriminación.

Con respecto á acción tutorial, pode dicirse que existe unha boa comunicación coa meirande parte das familias no que respecta, non só ao seguimento curricular do alumnado, senón tamén ao seu estado socio-emocional. Esta comunicación permite realizar un seguimento continuo e detectar de forma precoz posibles situacións nocivas para o autoconcepto, autoestima e desenvolvemento social do alumnado nas diferentes etapas que se imparten no centro.

Neste centro escolar, estamos ante un escenario profundamente arraigado no sentido de comunidade, onde os nenos cultivan un respecto constante ás normas de comportamento.

Neste ambiente acolledor e familiar, os valores de responsabilidade, empatía e cooperación son vividos diariamente. Os nenos son incentivados a expresarse libremente e a resolver conflitos de forma construtiva, promovendo un clima de harmonía e entendemento mutuo. Grazas a esta cultura escolar positiva, os conflitos son tratados con sensibilidade e



respecto, permitindo que todos os membros da comunidade escolar se sintan seguros e valorizados. Aínda así, obsérvase a necesidade de enfocar a intervención en momentos previos, priorizando a prevención dos conflitos, mediante un traballo máis sistemático do coñecemento e control emocional, asertividade, habilidades sociais e autoestima.

OBXECTIVOS

Este plan pretende contribuír ao desenvolvemento do benestar socioemocional de toda a comunidade educativa, co fin de posibilitar que se desenvolvan actuacións e estratexias eficaces dirixidas ao desenvolvemento do benestar socioemocional, contribuíndo a dar unha resposta preventiva e integral a todo o alumnado, profesorado e familias, nun marco que promova a escola inclusiva e a convivencia positiva.

Para tal fin, establécense os seguintes obxectivos e os seus indicadores:

OBXECTIVOS	INDICADORES
Visibilizar ante toda a comunidade educativa a importancia da saúde emocional.	As familias colaboran nas iniciativas ofrecidas dende o ámbito da saúde emocional.
Fomentar estratexias educativas para promover a educación emocional entre o profesorado do centro.	O profesorado traballa co alumnado nas aulas para ofrecer estratexias axeitadas na resolución de conflitos.
Buscar as condicións óptimas necesarias para un axeitado desenvolvemento socio-emocional do alumnado do centro.	No profesorado do centro obsérvase predisposición para favorecer o desenvolvemento socio-emocional do alumnado, así como apoio e seguimento das iniciativas propostas en torno ao ámbito emocional.

Dotar ao profesorado, e á comunidade educativa en xeral, das estratexias necesarias para o seu autocoidado e benestar emocional.	No centro hai un ambiente conciliador entre o profesorado.
	O profesorado, de forma xeral, goza de benestar emocional.
	Dende o centro búscase optimizar as condicións de traballo de todo o profesorado.
Desenvolver accións para maximizar un óptimo clima de convivencia e relacións sociais no centro.	Realizouse, un punto laranxa para todo o alumnado do centro, para traballar de forma directa a convivencia e o benestar emocional.
Promover a existencia de espazos e tempos dispoñibles no centro para o traballo específico da intelixencia emocional, habilidades sociais, empatía, asertividade e resolución pacífica de conflitos.	O alumnado coñece cando, a quen e a onde pode acudir nos seguintes supostos: -conflito con algún compañeiro/a ou mestre/a. -necesidade de compartir cun adulto algún medo, ansiedade ou inseguridade.
Favorecer a coordinación entre profesionais do ámbito social, educativo, para mellorar a calidade e a eficacia das intervencións.	Existe unha óptima coordinación entre todos os membros da comunidade educativa, así como clima de escoita activa, empatía e asertividade.
Este enfoque se centra en ofrecer talleres externos como medio para desenvolver a intelixencia emocional.	Convidar a un contacontos ao colexio infantil co obxectivo de promover o desenvolvemento da intelixencia emocional nos nenos. Durante a sesión, o

	<p>contacontos utilizará historias e personaxes para explorar emocións, resolver conflitos e fomentar a empatía entre os cativos.</p>
--	---

AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN

Para garantir que esta actividade sexa realmente efectiva na promoción da intelixencia emocional nos nenos, é esencial levar a cabo unha avaliación exhaustiva. Este proceso non só nos brindará unha visión clara dos resultados obtidos, senón que tamén nos permitirá identificar áreas específicas onde poderíamos mellorar no futuro.

Durante a avaliación, recolleremos datos detallados sobre diversos aspectos da actividade, como a participación dos nenos, a súa comprensión das emocións presentadas, a calidade da súa interacción durante a sesión de contacontos e a súa capacidade para aplicar o aprendido en situacións posteriores. Esta información será crucial para avaliar o impacto real da actividade no desenvolvemento emocional dos nenos e para informar as nosas decisións futuras sobre como adaptar e mellorar o programa.

Por elo, a avaliación deste Plan de Benestar e da Convivencia Escolar levarase a cabo a través da valoración dos indicadores e obxectivos anteriormente citados, ao finalizar o curso escolar. O Equipo de Convivencia será o responsable de realizar dita avaliación.

A final do terceiro trimestre valoraranse as accións de cada ámbito cun escala onde se indique se as accións están:

- a. Sen traballar
- b. Empezadas e en proceso.
- c. Completadas pero necesítase retomalas.

d. Completadas.

Ademais da avaliación exhaustiva, incluiremos unha proposta de melloras que aborde distintos aspectos da actividade. Esta proposta non só revisará os resultados obtidos, senón que tamén identificará accións específicas que requiren ser repetidas, modificadas ou eliminadas, tendo en conta o seu rendemento e a súa pertinencia para os obxectivos do programa.

Para aquelas accións que demostraron ser efectivas e relevantes no curso anterior, recomendarase a súa continuidade sen cambios substanciais. Estas prácticas exitosas serán identificadas e integradas na planificación futura co fin de manter e reforzar o seu impacto positivo.

No caso de accións que necesiten ser modificadas, identificaranse os aspectos específicos que requiren axuste ou adaptación. Isto pode incluír cambios na metodoloxía, na selección de materiais ou na forma en que se involucran os participantes. Estas modificacións serán propostas coa intención de mellorar a efectividade da actividade e axustarse mellor ás necesidades e características do grupo de nenos.

Por último, para aquelas accións que demostraron ser menos efectivas ou que xa cumpriron os seus obxectivos, recomendarase a súa eliminación ou substitución por alternativas máis adecuadas. É importante aprender das accións que non alcanzaron os resultados desexados e buscar novas abordaxes ou recursos que poidan ter un impacto máis positivo no desenvolvemento emocional dos nenos.

Finalizar comentando que, a proposta de mellora na avaliación buscará asegurar que o programa de promoción da intelixencia emocional se adapte continuamente ás necesidades e



aos contextos cambiantes, garantindo así unha intervención eficaz e axeitada para os nenos do colexio.

12. ANEXOS

Os anexos cos que conta este plan son os cuestionarios referidos a desenvolver diversos aspectos do plan de convivencia, a aula de convivencia e todos os protocolos normalizados da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Este Plan de Convivencia foi revisado e actualizado durante o curso 2024-2025, informado no Claustro o 05 de xuño de 2024 e aprobado polo Consello Escolar o 28 de xuño de 2024.

O PRESIDENTE DO CONSELLO ESCOLAR

Aso.: Daniel Mato Neira